

MANUAL DE USO

PARA O ALUMNADO



- **Autor:** Iván Suárez Prada
- **Proyecto:** Orquesta de cARTón
- Licenza de formación para o profesorado
- **Curso:** 2024-2025

ODE1

MÚSICA
NO PRATO



QUE IMOS A FACER?

Nesta primeira unidade comezaremos cos instrumentos de percusión de altura indeterminada (IPAI). Dedicaremos algo de tempo a coñecer os principais integrantes desta familia dentro da orquestra e os seus tipos. Ademais, elaboraremos unha pandeireta con materiais de refugallo e repasaremos tamén as agrupacións e xéneros musicais propios da música popular galega que empregan este curioso instrumento.



QUE PRECISAMOS?

Para realizar a actividade necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes (ou auriculares) para a escoita... e moito ánimo!

Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre ter a man os seguintes materiais para a elaboración da pandeireta:

- Tapas de botellas de metal ou “chapas” (20 unidades)
- Pratos de cartón e cartón de dobre parede
- Fío metálico (arame) ou corda fina
- Regra e perforadora (para facer os buracos)
- Pistola de silicona e cola branca
- Lapis, pintura e pinceis
- Martelo pequeno e un cravo grande



SON DE CORES



ODE 2

QUE IMOS A FACER?

Nesta segunda unidade é a quenda dos instrumentos de percusión de altura determinada (IPAD). Dedicaremos algo de tempo a coñecer os principais integrantes desta familia dentro da orquestra, e descubriremos os segredos mellor gardados sobre a composición das ondas sonoras. Ademais, trastearemos un pouco na elaboración do noso propio instrumento reciclado... o botellófono!



QUE PRECISAMOS?

Para realizar as propostas da plataforma soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo! Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre ter a man os seguintes materiais na elaboración do botellófono:

- Botellas ou vasos de vidro (8 unidades)
- Cintas de cores ou etiquetas variadas
- Baquetas (ou paus de madeira)



Franuta

DE CARTÓN

ODE3

QUE IMOS A FACER?

Nesta terceira unidade centrarémonos nos instrumentos de vento que forman parte da orquestra sinfónica. Afondaremos na estreita relación entre as matemáticas e a música, coñeceremos a escala pentatónica empregando un código de cores secreto, e incluso teremos tempo para deseñar, construír e probar o noso propio instrumento; unha frauta de pan (ou mellor dito... de cartón!)




QUE PRECISAMOS?

Para realizar as propostas da plataforma soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo! Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre contar cos seguintes materiais:

- Pallas ou tubos de cartón (8 unidades)
- Pinturas (ou témperas de cores) e cinta ou corda (opcional)
- Cartolinas de cores (sonocolores)
- Pistola de silicona termofusible e pegamento
- Tesoiras, regra, lapis, e corchos de botella





Son por un
tuboo

ODEQ

QUE IMOS A FACER?

Na cuarta unidade do proxecto centrarémonos nos instrumentos da familia de vento metal. Recoñeceremos polo seu timbre os máis representativos dentro da orquestra sinfónica, descubriremos o potencial expresivo do noso propio corpo como instrumento e improvisaremos da man de xéneros musicais tan importantes coma o blues e o jazz. Ademáis, elaboraremos un kazoo empregando materiais de refugallo.



QUE PRECISAMOS?

Para realizar as propostas da plataforma soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo! Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre ter a man os seguintes materiais na elaboración do kazoo:

- Tubo de cartón resistente (papel de aluminio ou film)
- Pegamento de barra e celofán (transparente e marrón)
- Ceras de cores, rotuladores ou témperas
- Tesoiras



SONDE ALTA TENSIÓN



ODE5

QUE IMOS A FACER?

Na quinta unidade é a quenda dos instrumentos de corda. Coñeceremos os diferentes tipos dentro desta familia, xunto cos principais integrantes presentes nunha orquestra sinfónica. Afondaremos na relación entre o son e as propiedades dos materiais, e ademais elaboraremos o noso propio cotidiáfono... a “rubber band guitar” empregando elementos reciclados.



QUE PRECISAMOS?

Para realizar as propostas da plataforma soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo! Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre ter a man os seguintes materiais na elaboración do cotidiáfono:

- Caixa de cartón pequena e depresor de madeira ou similar
- Gomas elásticas resistentes (opcionais de cor)
- Tesoiras, pegamento de barra e silicona termofusible
- Lapis, témperas de cores e punzón



Orquestra Virtual

0936



QUE IMOS A FACER?

Na sexta e derradeira unidade do proxecto descubriremos todo o potencial dos instrumentos virtuais (electrófonos) empregando as novas tecnoloxías. Coñeceremos o xénero da música electrónica e os seus instrumentos máis representativos, ademais de elaborar unha composición virtual sinxela empregando o software en aberto SCRATUX.



QUE PRECISAMOS?

Para realizar as propostas da plataforma soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo! Na actividade práctica “Mans á obra” empregaremos o programa SCRATUX (presente por defecto nos equipos ABALAR do alumnado), pero tamén dispoñíbel na súa versión online sen necesidade de descarga previa.

